





O océano Atlántico norte atópase entre o límite do xiro subtropical anticiclónico e o do subpolar ciclónico. O afloramento de auga subsuperficial é de grande importancia na plataforma atlántica, polo seu efecto fertilizante e potenciador da produción bióxica.

Son característicos os entrantes na costa formados por vales fluviais afundados que se denominan rías. O aporte de auga doce orixina plumas de dilución que se poden estender ao longo de centos de quilómetros, difundíndose gradualmente.

O fondo mariño divídese en unidades debido á presenza de montes, bancos submarinos e profundos canchóns, que permiten que os sedimentos continentais sexan transportados á plataforma oceánica.



ROCHOSO
Presenza de *Cystoseira* cnida

ROCHOSO
Predominio de algas

ROCHOSO
Fondos dominados por laminarias

ROCHOSO
Arrecifes de corais profundos (*Lophelia pertusa*)

CIRCALITORAL: BRANDO
Presenza de cunchas de moluscos

PROFUNDO: BRANDO
Corais recubertos de esponxas e hidrozoes

INFRALITORAL: BRANDO
Áreas finas e lodosas

Esta demarcación ofrece un amplo e variado mosaico de ecosistemas con multitude de especies, entre as que destacan cetáceos, tartarugas e aves.


Imaxes:
Fototeca-CENAM (J. Remacha; J.L. Rodríguez; A. de Sotola; X. Ferrer) y "Guía Interpretativa do Inventario Español de Hábitats Mariños" (E. Ballesteros; O. Ocaña; IEO-Grupo Gemar)

CARACTERÍSTICAS NATURAIS DA DEMARCAÇÃO MARIÑA NORATLÁNTICA

COOPERACIÓN

Os problemas medioambientais presentes nas augas territoriais dun Estado membro poden afectar ou ter a súa orixe en zonas de fora da súa xurisdición. Por esta razón cobra grande importancia a colaboración entre **Estados membro e terceiros países** cuxas augas territoriais pertencen a unha mesma rexión ou subrexión mariña.


Polo tanto, desde o seu comezo a estratexia mariña da demarcación noratlántica foi obxecto dun intenso proceso de **cooperación e coordinación a nivel nacional, rexional e europeo**.



EsMarEs

"Estratexias Mariñas de España, protexendo o mar para todos"

Estratexia mariña da Demarcación noratlántica




ESTRATEGIA MARIÑA DA DEMARCAÇÃO NORATLÁNTICA

A Directiva 2008/56/CE, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña, DMEM), ten por obxectivo último lograr ou manter o Bo Estado Ambiental (BEA) do medio mariño a máis tardar no ano 2020. A incorporación ó noso ordenamento xurídico da DMEM realizouse a través da Lei 41/2010, de protección do medio mariño.

As estratexias mariñas son a planificación ambiental mariña de referencia para lograr manter o BEA. Inclúen as seguintes fases: avaliación do estado ambiental das augas, determinación do BEA, fixación dos obxectivos medioambientais a conseguir, un programa de seguimento e un programa de medidas para alcanzar ditos obxectivos, todo iso en base a os 11 descritores cualitativos (Anexo I da DMEM).

PRESIÓN E IMPACTOS



LEENDA: Augas de lastre (1); Acuicultura (2); Dragados portuarios (3); Augas residuais urbanas (4); Fondeo (5); Mergullo deportivo (6); Baño (7); Pesca profesional (8); Marisqueo (9); Capturas accidentais (10); Arrecifes artificiais (11); Protección contra inundacións (12); Deposición atmosférica (13); Lixo mariño (14); Infraestruturas portuarias (15); Cables e tuberías (16); Verteduras de salmoira (17); Modificacións do curso da auga (18); Extracción de petróleo e gas (19).

OBXECTIVOS AMBIENTAIS

A **PROTEXER E PRESERVAR** o medio mariño, incluída a súa biodiversidade, evitar o seu deterioro e recuperar os ecosistemas mariños naquelas zonas nas que se visen afectados negativamente.

B **PREVIR E REDUCIR** os vertidos ao medio mariño, con miras a eliminar progresivamente a contaminación do medio e velar por que non se produzan impactos ou riscos graves para a biodiversidade e os ecosistemas mariños, a saúde humana ou os usos permitidos do mar.

C **GARANTIZAR** que as actividades e usos no medio mariño sexan compatibles coa preservación da súa biodiversidade.

17
Obxectivos particulares

19
Obxectivos particulares

21
Obxectivos particulares

ANÁLISIS ECONÓMICO E SOCIAL

As actividades económicas e os sectores máis relevantes do medio mariño da demarcación noratlántica son: o sector pesqueiro, as infraestruturas portuarias, a actividade náutico-recreativa, o transporte marítimo e o turismo.

BO ESTADO AMBIENTAL


Con criterios científicos, e para cada un dos descritores mariños, foi definido o BEA que se quere alcanzar. Na maioría dos casos fíxose con criterios cualitativos ou semicuantitativos, sendo o obxectivo actual o de conseguir unha definición cuantitativa a través de valores umbrais entre BEA /non BEA.

CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

- Os stocks pesqueiros que contan con criterios de avaliación non contribúen a alcanzar o BEA.
- Lógrase o BEA con respecto á eutrofización aínda cando se detectan concentracións elevadas de nutrientes nalgúns zonas.
- Os efectos do quecemento global exercen unha presión importante sobre os ecosistemas.
- O impacto producido por infraestruturas civís está moi localizado e é limitado.
- O impacto agregado da modificación da costa e das regulacións das cuncas hidrográficas require un maior coñecemento.
- Descoñécense, para a maior parte dos indicadores, os valores de referencia en torno aos que artellar o BEA, de aí que unha parte importante das definicións do BEA sexan de carácter cualitativo.

PROGRAMAS DE MEDIDAS

Son a parte máis executiva das Estratexias e están ligadas a os resultados obtidos nas fases anteriores. As novas medidas propostas foron deseñadas cun enfoque ecosistémico e co obxectivo de cubrir as carencias identificadas para cada un dos descritores entre o estado do medio mariño (avaliación inicial) e o BEA que se desexa obter, polo que todas repercutirán positivamente na protección do medio mariño.



D1: Biodiversidade; D2: Especies alóctonas invasoras; D3: Especies comercialmente explotadas; D4: Redes tróficas; D5: Eutrofización; D6: Integración do fondo mariño; D7: Alteración das condicións hidrográficas; D8: Contaminantes e os seus efectos; D9: Contaminantes en produtos da pesca; D10: Lixo mariño; D11: Ruído subacuático; EMP: Espazo Mariño Protexido.

D3 ESPECIES EXPLORADAS COMERCIALMENTE

Avaliación Inicial

Da análise dos 16 stocks pesqueiros que engloban o 97% do total dos desembarques da zona (28 especies), pódese afirmar que non se alcanza o BEA.



ZOEA/CENEAM-MMA

Bo Estado Ambiental

O BEA acadarase cando polo menos o 50% dos stocks estean en verde e ningún en vermello, en canto a: "nivel de presión da actividade pesqueira" e "capacidade reprodutora da poboación". Cada stock leva asociado un valor e unha cor segundo como se atope respecto aos devanditos criterios.



J.M. Castro Martín/CENEAM-MMA

Obxectivos Ambientais

Garantir que os stocks pesqueiros estean xestionados adecuadamente, de xeito que se manteñan dentro de límites biolóxicos seguros.

O establecemento dunha política de descartes é un requirimento da nova Política de Pesca Común (PPC).



TRAGSATEC

Progs. de Seguimento

Especies comerciais
Programas de Monitoreo de stocks xestionados na PPC.

Datos adicionais
Programas nacionais e autonómicos destinados ao seguimento de pescarías non consideradas na PPC.

Actividades humanas: pesca marítima
Emprega como índice a distribución espacial do esforzo pesqueiro a nivel nacional.



J.M. Pérez de Ayala/CENEAM-MMA

Progs. de Medidas

Medida existente: "Mesa estatal para a eliminación dos descartes"; foro de coordinación para a implantación das medidas nesta liña.

Nova Medida: EC4. Accións orientadas ao cumprimento da política de descartes.



J. Maguregi Arenaza/CENEAM-MMA